



Sesión “In Memoriam”

Profesor José Juan Pazos Arias

(1964-2023)

Salón de Actos da Escola
de Enxeñaría de Telecomunicación da UVigo

2 de maio de 2024



RAGC/
REAL ACADEMIA
GALEGA DE CIENCIAS

Universida de Vigo



RAGC/
REAL ACADEMIA
GALEGA DE CIENCIAS

Universida de Vigo

Profesor José Juan Pazos Arias

(1964-2023)



José Pazos cursou os seus estudos de Enxeñaría de Telecomunicación na Universidad Politécnica de Madrid (UPM), aceptando logo o desafío de volver á súa querida terra para dar forma e calidade a unha Escola que iniciaba a súa andaina. José deixou constancia do seu sinal transformador desde a súa chegada, contribuíndo a crear o Departamento de Enxeñaría Telemática (do cal foi o seu primeiro director), e imprimindo a súa habilidade docente na posta en pé de varias materias que nos deixaron un grato recordo aos alumnos das primeiras promocións. Responsabilidades posteriores, como a dirección da Área de Novas Tecnoloxías da Universidade de Vigo, testemuñaron o seu afán por legar unha contorna mellor que a recibida.

Tras doutorarse pola UPM en 1995, fundou o Grupo de Servizos para a Sociedade da Información, en cuxo seo algúns tivemos o pracer de compartir con el moitos anos de vida académica, axudándoo a construír unha contorna fértil e entrañable. O seu labor investigador no campo dos sistemas de recomendación traducíuse nun bo número de publicacións, teses de doutoramento dirixidas, proxectos a nivel nacional e europeo, e unha significativa colaboración co mundo empresarial, o que lle fixo en breve merecedor da Cátedra.

O seu traballo na personalización dos servizos dixitais tivo un grato recoñecemento co seu ingreso na Real Academia Galega de Ciencias en 2016, un premio á súa traxectoria ao que el, a bo seguro, correspondeu coa súa acertada perspectiva do presente e futuro das TICs na sociedade galega.

A temperá marcha de José deixou un fondo baleiro nos que compartiamos con el a vida universitaria. Era unha persoa decidida, enérxica, comprometida cos seus amigos, capaz de unir aos que lle rodeaban e de animalos a afrontar retos relevantes. Todos o teremos sempre presente na nosa memoria polo seu tesón e a paixón que poñía en todo o que facía.

Alberto Gil Solla

Catedrático de Enxeñaría Telemática da Universidade de Vigo

Programa

Salón de Actos Escola de
Enxeñaría de Telecomunicación da UVigo

2 de maio de 2024

13.00 h Apertura

Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo

Pedro Merino Gómez
Académico da RAGC

Martín López Nores
Catedrático do Departamento de Enxeñaría Telemática da UVigo

Fernando Pérez González
Catedrático do Departamento de Teoría do Sinal
e as Comunicacións da UVigo e académico da RAGC

Martín Llamas Nistal
Director deatlanTTic (UVigo)

Juan Lema Rodicio
Presidente da RAGC

Rebeca P. Díaz Redondo
Directora da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da UVigo

Clausura

Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor da UVigo

Plantarase unha árbore e colocarse unha placa na súa lembranza
no exterior da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da UVigo

Intervención da familia de José Pazos